

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO ACADÉMICO: 2019-20

2ª Lingua Estranxeira: Francés

1º ESO

IES EDUARDO PONDAL

DEPARTAMENTO: FRANCÉS

SUMARIO:

1º ESO:	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	3
2. Avaliación e cualificación	5
3. Metodoloxía	6
4. Información e publicidade	7

1- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 1º ESO

Criterios de avaliación:

Estándares de aprendizaxe:

Bloque 1.- COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS:

B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (**nome, idade, datas importantes, gustos, familia**, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na **aula (material escolar, asignaturas, horario)**.

SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais (**números, datas, prezos**, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula (**écoutez /ouvrez le livre à la page.../ regardez l'image**).

B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, **seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos**) e conversas moi básicas e breves sobre temas previamente traballados, relativas ao ámbito persoal (**escola, familia, identificación de persoas, gustos**) sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia,.

SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados, conversas breves e moi sinxelas) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.

Bloque 2.- PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS:

B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.

SLEB2.1. Aмосa unha actitude positiva polo uso da lingua, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.

Bloque 3.- COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS:

B3.3. Comprender información **relevante e previsible** en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da **propia experiencia**.

SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de **si mesmo/a e sobre gustos**, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns (**familia, amigos, escola**) e propios da súa idade.

Bloque 4.- PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS:

B4.2. Completar documentos **moi básicos** nos que se solicite información persoal.

SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (**nome, idade, aniversario, enderezo, gustos, etc.**).

B4.3. Escribir mensaxes **moi sinxelas e moi breves** con información, e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.

B4.4. Producir **textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos**, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, **segundo modelos proporcionados**, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo palabras ou expresións por outras para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha **presentación limpa e ordenada**.

Bloque 5.- COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE:

B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.

SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc).

B5.5 Utilizar un repertorio léxico e gramatical suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente (**material escolar, números 0-100, materias de clase, descripción básica de persoas, familia, gustos**).

SLEB5.5. Utiliza un léxico básico en temas relacionados co seu mundo (**escola, familia e amigos, gustos, deportes e afeccións**) con unha articulación gramatical e léxica básica (**Verbos do 1º grupo, être, avoir, artigos e posesivos.**)

2- Avaliación e cualificación 1º ESO

Avaliación

Procedementos

Dado o carácter progresivo da materia, aplícase a avaliación continua e polo tanto, se unha alumna/o suspende a primeira avaliación quedará recuperada automaticamente se aproba a segunda .

Neste terceiro trimestre os contidos e estándares anteriormente referenciados serán avaliados mediante a corrección dunha serie pechada de actividades variadas que o alumno está a realizar, a través de medios telemáticos.

A selección destes estándares permitirá recuperar os contidos non superados, afondar e ampliar competencias.

Teremos en conta dúas situacións:

1. Alumnado con dúas avaliacións aprobadas ou a segunda aprobada que pode **mellorar a súa cualificación** traballando con tarefas de reforzo e ampliación no terceiro trimestre.
2. Alumnado con dúas avaliacións suspensas ou a segunda suspensa que pode **recuperar** traballando con tarefas de repaso e reforzo no terceiro trimestre.

Instrumentos

- Participación e interacción co profesorado: consulta de dúbidas, visualización do material que enviado polo profesor.

- Entrega de traballos solicitados: formularios de comprensión, búsquedas de información, gravacións de expresión oral, traballos escritos individuais e colaborativos.

<p>Cualificación final</p>	<p>A cualificación final do curso calcularase do seguinte xeito:</p> <p>1. Alumnado con dúas avaliacións aprobadas ou coa segunda aprobada: a cualificación será a da 2ª avaliación podendo sumar ata 20% máis polas tarefas de ampliación realizadas na fase non presencial.</p> <p>2. Alumnado coas dúas avaliacións suspensas, ou a segunda suspensa: Farase unha valoración das tarefas entregadas durante o terceiro trimestre e se se alcanza unha media igual ou superior ao 5, terá un aprobado na materia. Unha vez superada a materia, este alumnado poderá tamén ver incrementada a súa cualificación ata un 20% coas tarefas de ampliación realizadas na fase non presencial.</p> <p>Ao longo do trimestre, o profesorado fará un seguimento das tarefas asignadas que deberán presentarse en tempo e forma. Deste xeito, todo o alumnado poderá mellorar a nota das dúas primeiras avaliacións se traballa e se esforza ao longo da fase non presencial.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>A proba extraordinaria de setembro será presencial se é posible. Nela entrarán unicamente os contidos e estándares traballados na primeira e segunda avaliación.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>O alumnado será convocado a un exame presencial que consistirá nunha proba escrita que avalíe a selección de estándares e competencias reflectida no punto 1.</p> <p>Se non é posible o examen presencial, habilitarase un procedemento similar (mediante realización e entrega telemática de traballos) ao deseñado para a avaliación ordinaria.</p>

3- Metodoloxía empregada para desenvolver co alumnado actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes. 1º ESO

- Propor actividades nas que os alumnos podan **poñer en práctica o xa aprendido**, e mellorar así a súa capacidade de comunicación na lingua.
- Nos cursos baixos da ESO ofrecer **modelos de textuais sinxelos** para que os alumnos podan traballar en autonomía, profundizando máis ou menos dependendo do nivel adquirido e das súas diferentes capacidades.
- Comentar todos os traballos entregados polos alumnos para potenciar a autocorrección e reforzar a capacidade de expresión.
- Utilizar como **língua vehicular**, para chegar a todo o alumnado de 1º e 2º ESO o francés e o galego.
- Planificar todas as actividades **augmentando gradualmente a dificultade**, e informar aos alumnos da orden en que as deber realizar.
- Traballar **as catro destrezas da lingua**: comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita en cada unidade proposta.
- Para os alumnos con necesidade de reforzo, **realizar e organizar resúmenes de contidos** mínimos, con modelos de exercicios que poden consultar en todo momento.
- Non adiantar en ningún caso contidos gramaticais non estudados na aula, pero sí profundizar nos coñecidos.
- **Reforzar contidos** e ampliar únicamente ámbitos que os alumnos podan aprender en autonomía, con apoio telemático, como **novos campos semánticos**.

Medio ou medios telemáticos empregados.

- Plataforma **CLASSROOM**. A maioría dos alumnos xa estaban familiarizados con ela, xa que a utilizaba anteriormente para compartir material de reforzo e ampliación, para organizar traballos en grupo.
- **Correo corporativo** do centro para comunicación importantes.
- A través de Classroom comparto documentos, modelos textuais, enlaces. Os alumnos poden compartir os seus traballos, consultar dúbidas, realizar tarefas (formularios, vídeos, audios).
- **Quizlet** é utilizada para compatir novos campos léxicos e reforzar os xa traballados na aula.
- **Páxinas web de recursos** para o estudo do Francés como lingua estranxeira.
- **Páxinas web francófanos** utilizadas para búsqueda de información, preparación de traballos.

Periodicidade das comunicacións co alumnado e medio ou medios de comunicación empregados.

- Ofrécese ao principio da semana traballo para que cada alumno faga ao seu ritmo, indicando claramente a orden en que deben realizar as tarefas.
- O tempo que o alumno debe adicar ás tarefas propostas non supera o horario normal de clases da materia (2horas /semana).
- Faise **seguimento do traballo** semanalmente, enviando correo electrónico aos alumnos que non participan nas actividades e informando aos titores.

4- Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

A información contida neste documento será enviada aos alumnos por correo electrónico e compartida no grupo da plataforma Classroom.

Publicidade

Publicación obrigatoria na web do centro, dentro da sección do departameto de Francés.